

PROXECTO PARA ANALIZAR AS COMPETENCIAS BÁSICAS.

LINGUA GALEGA E LITERATURA 4º ESO

O CINEMA GALEGO		
INVESTIGACIÓN	ANÁLISE DUNHA PELÍCULA REPRESENTATIVA	REALIZACIÓN DUN GUIÓN PARA UNHA CURTAMETRAXE.

Con esta tarefa que se realizará ao longo do curso preténdese avaliar as competencias básicas do alumnado de 4º de ESO. Trátase de traballar con cada unha das oito competencias básicas co fin de formar alumnos máis críticos e solidários, máis comprometidos e participativos, mais preparados para a sociedade actual.

1ª FASE: INVESTIGACIÓN. (1ª AVALIACIÓN)

O cine supuxo unha revolución nas artes ao longo do século XX. Era e segue a ser un espectáculo de masas que conta historias de xeito diferente a través da imaxe e os son e que está constantemente renovando as técnicas e os efectos especiais.

A partir de aquí vas a situarte como investigador para tratar de buscar información sobre os seguintes aspectos.

a) **Historia do cinema galego:**

1. Procura información sobre os pioneiros do cine galego: José Gil y Gil, José Suárez e Carlos Velo.
2. Que características temáticas posuía aquel primeiro cine galego?
3. Elabora unha cronoloxía da historia do cine galego, sinalando as etapas e os fitos máis importantes na súa evolución.
4. Procura información e elabora unha lista das obras da literatura galega que foron adaptadas ao cine.

b) **A linguaxe cinematográfica:**

5. Características da imaxe cinematográfica.

6. A distancia a que se toman as figuras decide a clase de **plano**. Describe os seis planos esenciais dentro do cine.
7. O autor cinematográfico , que escribe imaxes móbiles, non lle resulta suficiente mostrar as figuras a unha determinada distancia, senón que ha de mostralas desde un **ángulo** ou punto de vista para que se vexan mellor. O **ángulo** cumpre dous obxectivos: primeiro, mostrar as figuras desde un emprazamento adecuado para que o recoñecemento do obxecto sexa óptimo e un segundo obxectivo que é lanzar unha opinión sobre as cousas. Explica con imaxes os ángulos máis importantes.

c) **Os hábitos dos familiares e amigos en relación co cine:**

1. Elaborade unha enquisa de cinco preguntas básicas. As preguntas versarán sobre os gustos e os coñecementos cinéfilos, a asistencia , a película favorita..., o título da primeira película que viron no cine e o título da última.
2. Como mínimo debedes de entrevistar a dez persoas da contorna familiar.
3. Realizarase unha gráfica estatística cos resultados das enquisas de todos os membros do grupo, e unha sinxela análise dos datos obtidos.

(O modelo da enquisa debe entregarse xunto co traballo final, só se é diferente ao modelo proposto)

MODELO DE ENQUISA:

1.- Gústache o cine?

SI
NON

2.- Lembras o título da primeira película que viches no cine?

--

3.- Ías máis ao cine antes ca agora?

SI
NON

4.- Por que?

5.- Vas ao cine a miúdo? Cantas veces no mes?

Nunca	2 veces	3 veces	4 veces	Máis de 4
-------	---------	---------	---------	-----------

6.- (só para os que non van nunca) Ves películas na televisión?

SI
NON

7.- (só para os que van ao cine) Lembras o título da última película que viches?

--

8.- Houbo algunha película que fora especial para ti, que che aportou algo novo? Cal?

9.- Consideras que hai bastantes cines no teu concello?

SI
NON

10.- Poderías dicirme o título das tres películas de cine máis importantes para ti?

Requisitos básicos:

• PRESENTACIÓN:

- A presentación debe ser coidada, limpa e ordenada. Os conceptos deben estar definidos con claridade.

• ESTRUCTURA:

- PORTADA: nela aparecerá o título do traballo, nome e apelidos dos alumnos do grupo e o curso.
- INDICE: os títulos dos diferentes apartados e a páxina na que se encontran.
- O CORPO DO TRABALLO: reflectirá a análise feita polo grupo sobre o cinema galego, a linguaxe cinematográfica e o estudo sobre os hábitos cinéfilos da familia.
 - BIBLIOGRAFIA: referencia ás fontes de información utilizadas tanto impresas como dixitais.

CORRECCIÓN ORTOGRÁFICA E GRAMATICAL:

- É importante utilizar de forma correcta os signos de puntuación para que o escrito resulte coherente e claro.
- Tamén é importante a corrección na redacción: uso dun léxico preciso e adecuado e a utilización de estruturas gramaticais correctas. Débense evitar as repeticións de palabras, as frases feitas, as palabras cuxo significado non coñezas.
- O rexistro lingüístico debe ser o adecuado, evitarase o uso da linguaxe coloquial.